

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de agosto de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01), de clave PO/19/027.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Antecedentes.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01), de clave: PO/19/027.01.

Unha vez en servizo a autovía AG-53, Alto de Santo Domingo (AP-53)-Barbantes (A-52), detectouse a necesidade de completar o enlace de Dozón, que na actualidade non é completo, co movemento Dozón-Ourense.

O presente documento recolle a definición, a nivel de proxecto de trazado, da solución adoptada para o ramal de enlace entre a AG-53 e a N-525 en Dozón, o cal parte da estrada N-525 na contorna do punto quilométrico (p.q.) 275, onde se proxecta unha ampliación do carril de vehículos lentos existente e cruza desde este punto a autovía AG-53 a través dun paso inferior existente no p.q. 59+410 da autovía, para continuar ao longo duns 400 metros ata entroncar coa citada autovía pola súa marxe dereita en sentido Ourense.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de trazado sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a



partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Dozón (Médico Fernando Martínez Iglesias, s/n, 36518 Dozón, Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

(https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase á disposición dos interesados o proxecto de trazado.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega Infraestruturas

CVE-DOG: 3vby0g28-sqh3-bwo5-isr6-ky5jfigoips7





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de trazado

Actualización do proxecto ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01)

Clave: PO/19/027.01

Concello de Dozón.

Nº	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Titular	Superficie (m²)	Clase	Uso do Solo
1	36016A02900399	29	399	Otero Fernández, Jesús	350,00	Rústico	Agrario
2	36016A02900320	29	320	Reboredo Rodríguez Rosalía Reboredo Rodríguez, Carmen Reboredo Rodríguez, José Manuel	407,00	Rústico	Agrario
3	36016A02900323	29	323	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	35,00	Rústico	Agrario
4	36016A02700202	27	202	Lorenzo Pérez, Andrés	35,00	Rústico	Agrario
5	36016A02700196	27	196	Gutiérrez Reboredo, Antonio Jesús	70,00	Rústico	Agrario
6	36016A02700197	27	197	Rodríguez Pérez, Antonio	100,00	Rústico	Agrario
7	36016A02700170	27	170	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	13,00	Rústico	Agrario
8	36016A02700171	27	171	Reboredo Vázquez, José	41,00	Rústico	Agrario
9	36016A02700172	27	172	Otero Fernández, José	16,00	Rústico	Agrario
10	36016A02700173	27	173	Rodríguez Pérez, Antonio	2,00	Rústico	Agrario

